



CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña)

## **#Euquedonacasa: unha iniciativa para sacar proveito creativo do coronavirus!!**

Todos temos claro que o máis sensato, polo ben de todos, é quedar na casa. Dende o Concello de Vilasantar, propoñemos e animámosvos, dende a diversión e a creatividade, a que fagades unha foto, con intención artística de aquilo que estades a observar na casa.

Lendo, debuxando, facendo deporte, meditando, escoitando música, de cómo entra a luz pola fiestra, dos nosos animais, das nosas leitugas, de nós... facernos saber en qué andades leados.

Será unha foto por persoa e ten que ser sacada na casa ou nas inmediacións dela, sempre que esteades na parcela onde tedes a vosa vivenda. Non fai falla ir lonxe para disfrutar e ter grandes localizacións; podedes viaxar sen movervos da casa.

Poñeremos as fotos na web do concello e as milloras irán no calendario municipal do 2021.

Mandaredes a foto por correo electrónico a seguinte dirección: [correo@vilasantar.com](mailto:correo@vilasantar.com) co nome, telf e dirección.

Vilasantar, 1 de abril de 2020

